

Bo día:

Dende o Concello de Moaña comprácenos invitalos e invitalas ás **I Xornadas de saúde mental na infancia e adolescencia** onde imos tratar especialmente as adiccións ás novas tecnoloxías.

As adiccións ao xogo en liña, os videoxogos, as modificacións do estilo de vida, o sedentarismo ou falta de hixiene do sono, son variables que temos que ter en conta cando educamos. A convivencia familiar e entre iguais estase alterando, ata o punto de que as taxas de violencia multiplícanse por cinco. As crianzas e adolescentes fan cada vez menos deporte, deixan de ler, senten menos empatía e teñen menos capacidade para o manexo emocional e para soportar a frustración, xa que existe un contexto evidente de «hiperestimulación», ata o punto de que modula a propia química do cerebro. Créase unha economía da atención na que, "se non es capaz de captar a atención nos primeiros 5-10 segundos, pérdense". Isto opera en todos os campos da súas vidas; dende establecer relación sociais ata unha clase de matemáticas ou de historia na que os profesionais do ámbito educativo teñen moi difícil, por non dicir imposible, competir contra todo o universo de cores e sons que ofrecen as pantallas.

O 40 % das crianzas e adolescentes acceden a videoxogos de violencia explícita deseñados para maiores de 18 anos. O consumo de pornografía é alarmante, porque o 70 % do porno que están a consumir mozos de 13-14 anos é do que se denomina hardcore, isto é, con xenitais explícitos, violencia e cosificación da muller. Algo que considérase especialmente grave porque están a chegar a estes contidos a persoas moito máis inmaturas e sen unha idea máis ou menos sólida do que é a sexualidade.

Por ende, a concellería de benestar social, igualdade e accesibilidade dentro da súa escola de saúde ten un especial interese na prevención e formación da saúde mental e organiza estas xornadas na que esperamos que sexan do seu interese e de toda a comunidade na que formades parte esperando que lle deades a máxima difusión.

Profesionais do ámbito educativo, social ou do deporte. Nais, pais e todas as persoas interesadas na temática, esperámosvos o 22 de novembro, ás 16:30 horas, no salón de plenos do Concello de Moaña.

Atentamente

María Sanluís Ferradás

Concelleira de Benestar Social, Igualdade e Accesibilidade

mariasanluis@concellodemoana.org

Móbil: 683 49 18 26